



SI

**A Sociedade da Información e os
autónomos de Galicia. Edición 2018**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2019



Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	6
3. Caracterización dos autónomos galegos	8
4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos	13
5. Conclusións	31

1. INTRODUCCIÓN



Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

AVALIAR

- Ser un punto de partida para **avaliar** e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos.


CARACTERIZAR

- **Caracterización** dos autónomos/as galegos: actividade, provincia de ubicación, sexo do traballador/a...

ANALIZAR

- **Analizar** polo miúdo información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:
 - Conexión a Internet de calidade
 - Optimización da xestión empresarial a través das TIC
 - Cloud Computing
 - Web e presenza nas redes sociais
 - Comercio electrónico
 - Interacción coas AA.PP. a través de Internet

2. METODOLOGÍA



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada para realizar a caracterización dos autónomos galegos é o Ministerio de Empleo e Seguridade Social

A información relativa ao equipamento e uso das tecnoloxías no tecido empresarial galego procede da *Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estadística (INE)* facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE

Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:


- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS




O Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Galicia para o 2018 indica que hai rexistrados 138.378 persoas como traballadores/as autónomos/as, é dicir, que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias; tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

No 2018 rexistráronse en Galicia 138.378 autónomos/as que representan o 6,9% do total de autónomos/as de España.




Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2018.

A cifra de traballadores/as autónomos/as en Galicia segue a diminuír, aínda que cun descenso menos pronunciado que en anos anteriores.



Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Datos anuais do 4º trimestre 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018.


A distribución por xénero dos traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza moito maior da muller galega neste colectivo. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 15,6 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (29,4 puntos).



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2018.

AUTÓNOMOS SEGUNDO GRUPOS DE IDADE

COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembre de 2018.

Respecto a idade dos autónomos/as, tanto en Galicia como no total de España os máis emprendedores son as persoas de 40 a 54 anos.




Aínda que o sector servizos é no que máis autónomos/as traballan tanto en España como en Galicia, o peso da agricultura na Comunidade galega ponse de manifesto nun 21,6% de afiliados/as á Seguridade Social en réxime de autónomos/as neste sector, 10,1 puntos porcentuais máis que o resto do Estado.



AUTÓNOMOS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2018.

4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS




4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

Dous de cada tres autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2018 incrementouse o uso de ordenadores entre os traballadores autónomos/as, cun crecemento do 5,4% respecto ao ano anterior. No período 2014-2018, o incremento rexistrado foi dun 15,4%.

ENTIDADES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



Durante o 2018 aumentou considerablemente o uso do móbil como ferramenta de conexión a Internet para fins empresariais, acadando ao 44% dos traballadores autónomos (12,4 puntos porcentuais máis que no ano 2017).

AUTÓNOMOS/AS QUE UTILIZAN DISPOSITIVOS PARA FINS EMPRESARIAIS

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018



■ Uso de ordenadores con fins empresariais

■ Uso de ordenadores conectados a Internet con fins empresariais


■ Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Durante o 2018 volve tamén a afianzarse o uso de Software libre, independentemente da forma xurídica da empresa. Entre os traballadores/as autónomos/as máis da metade (54,5%) emprega Software libre, cun crecemento significativo de 4,7 puntos porcentuais respecto a 2017. Isto amosa a crecente demanda deste tipo de solucións libres entre o tecido empresarial da Comunidade galega.

USO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2018



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE




Os autónomos/as galegos/as continúan a ter un uso moderado de servizos de Cloud Computing, en torno ao 4%.




COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

As solucións de Cloud Computing máis demandadas polos autónomos / as galegos son as relativas a “Almacenamento de ficheiros” (87,2%) e os “Servizos de Cloud computing entregados dende servidores compartidos” (80%).




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

4.2. INTERNET E BANDA LARGA

A porcentaxe de autónomos / as que posúen conexión a Internet en Galicia aumentou nun 11,2% no ano 2018, acadando o 63,5%. O crecemento é superior ao que experimentan as formas societarias (5,8% máis) e o conxunto das microempresas (8,9%)

CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE




No 2018 todas as microempresas galegas, incluíndo aos autónomos e autónomas, accederon á Internet a través de banda larga.

ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


Entre os autónomos/as con conexión a Internet, un 73,7% opta pola banda larga móbil, medrando de xeito significativo no último ano (4,2%), superando a porcentaxe media total das microempresas (72,2%) e formas societarias empresariais (69,9%).



O 52,2% dos/das autónomos/as galegos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 10 Mbps. Entre os autónomos/as, cabe salientar o incremento de 4 puntos porcentuais da contratación de velocidades de conexión a Internet superiores aos 100 Mbps, acadando xa ao 13,4% dos autónomos/as, duplicando o dato do ano anterior

VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

A dispoñibilidade de páxina web durante o 2018 experimentou un incremento de 3,2 puntos porcentuais no caso dos/as autónomos/as (18,9%). Considerando o conxunto das microempresas galegas, o aumento deste indicador foi de 4,7 puntos.

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018


Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e páxina web



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

A presentación da empresa é o servizo máis frecuentemente dispoñible nas páxinas webs dos autónomos/as galegos.

Non obstante, cabe salientar que un 42% dos autónomos/as con páxina web publica vínculos ou referenzas aos perfís en medios sociais.




Un de cada tres autónomos/as con conexión a Internet emplea os medios sociais. Entre este colectivo, a maioría opta por redes sociais tales como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+,...

MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2018


Base: empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...) SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2018


Base: empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA

Base: empresas con conexi3n a Internet que usan medios sociais



Fonte: elaboraci3n do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Os aut3nomos/as galegos/as destacan pola súa utilizaci3n de websites que comparten contido multimedia, seguido do uso de blogs de empresas ou microblogs como Twitter ou Blogger. Cabe destacar que as ferramentas para compartir coñecementos baseadas en Wiki contan cunha aceptaci3n lixeiramente superior entre os/as aut3nomos/as que no resto de microempresas.


4.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

As microempresas en xeral e os autónomos en particular, usan moderadamente as compras por Internet. O crecemento do compras na Rede só se rexistra nas microempresas que operan baixo forma xurídica de sociedades.

COMPRAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



Pola contra, nas vendas a través de Internet prodúcese un crecemento xeralizado, tanto a nivel microempresas (2,2 puntos máis) como nas formas societarias (2,6 puntos). Entre os autónomos/as de Galicia, o crecemento nas vendas a través de comercio electrónico foi de 2 puntos, acadando o 2,5%.

VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018
Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


4.5. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET

O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas segue a aumentar entre as os/as autónomos/as galegos, de xeito que máis do 70% autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas, 4,1 puntos máis que o ano anterior.

INTERACCIÓN COAS AA.PP. SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2018


Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter información SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2018
Base: empresas con conexión a Internet




INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter impresos ou formularios SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2018
Base: empresas con conexión a Internet



INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Devolver impresos cumprimentados SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2018
Base: empresas con conexión a Internet



Respecto aos tipos de interacción a través de Internet coas diferentes Administracións Públicas, obsérvase un crecemento de todos os indicadores entre os/as autónomos / as, sendo especialmente significativo no caso da obtención de información (61,1%, aumento de 9,3 puntos respecto a 2017).

5. CONCLUSIONES



Caracterización do/a autónomo/a en Galicia

- Caracterización: 138.378 autónomos/as, que representan o 6,9% do total de autónomos/as de España
- A distribución por xénero dos traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza maior da muller galega neste colectivo. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 15,6 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (29,4 puntos).
- Aínda que o sector servizos é no que máis autónomos/as traballan tanto en España como en Galicia, o peso da agricultura na Comunidade galega ponse de manifesto nun 21,6% de afiliados/as á Seguridade Social en réxime de autónomos/as neste sector, 10,1 puntos porcentuais máis que o resto do Estado.

Fortalezas

- Dous de cada tres autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2018 incrementouse o uso de ordenadores entre os traballadores autónomos/as, cun crecemento do 5,4% respecto ao ano anterior. No período 2014-2018, o incremento rexistrado foi dun 15,4%.
- Non obstante, o incremento máis significativo dáse en relación aos uso de dispositivos portátiles como ferramenta de conexión a Internet para fins empresariais, acadando ao 44% dos traballadores autónomos (12,4 puntos porcentuais máis que no ano 2017).
- Durante o 2018 volve tamén a afianzarse o uso de Software libre entre os traballadores/as autónomos/as: Máis da metade (54,5%) emprega Software libre, cun crecemento significativo de 4,7 puntos porcentuais respecto a 2017.
- A porcentaxe de autónomos/as que posúen conexión a Internet en Galicia aumentou nun 11,2% no ano 2018. O crecemento é superior ao que experimentan as formas societarias e o conxunto das microempresas. Entre os autónomos/as con conexión a Internet, un 73,7% opta pola banda larga móbil, medrando de xeito significativo no último ano (4,2%), superando a porcentaxe media total das microempresas (72,2%) e as formas societarias empresariais (69,9%).
- O 52,2% dos/das autónomos/as galegos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 10 Mbps. Entre os autónomos/as, cabe salienta o incremento de 4 puntos porcentuais da contratación de velocidades de conexión a Internet superiores aos 100 Mbps, acadando xa ao 13,4% dos autónomos/as, duplicando o dato do ano anterior
- Pródúcese un crecemento xeralizado das vendas a través de Internet, tanto no colectivo de microempresas (2,2 puntos máis) como nas formas societarias (2,6 puntos). Entre os autónomos/as de Galicia, o crecemento nas vendas a través de comercio electrónico foi de 2 puntos, acadando o 2,5%.
- O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas segue a aumentar entre os/as autónomos/as galegos, de xeito que máis do 70% autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas, 4,1 puntos máis que o ano anterior.

Debilidades

- Os autónomos/as galegos/as continúan a ter un uso moderado de servizos de Cloud Computing, en torno ao 4%.
- Tamén presentan marxe de mellora os indicadores relativos á dispoñibilidade de páxina web, ao uso das redes sociais e ás vendas a través de Internet.

